



Para cantar coma min,
para cantar como ____ canto.
Para cantar coma min,
para cantar como eu canto.

Ese cantar que _____,
dime ____ cho aprendiu.
Ese cantar que botaches,
dime quen ____ aprendiu.
Aprendiumo ____ ____,
nai da nai que me pariu.

Para cantar coma min,
para cantar como eu canto.
Para cantar coma min,
para cantar como eu canto.

Levo unha pena moi fonda
cravada dentro da alma.
Levo unha pena moi fonda

_____ dentro da alma.
_____ de _____,
que con iso me pasaba.

Para cantar coma min,
para cantar como eu canto.
Para cantar coma min,
para cantar como eu canto.

Esta miña compañeira
cos _____ que ten na cara,
esta miña compañeira
cos ollos que ten na cara
non hai _____ nin mozo
que non queira _____.

Para cantar coma min,
para cantar como eu canto.
Para cantar coma min,
para cantar como eu canto.

Busco gracia, busco _____,
 busco gracia e mais donaire.
 Busco gracia, busco gracia,
 busco gracia e mais _____.
 Fun á _____ por ela
 e non andaba no baile.

Para cantar coma min,
 para cantar como eu canto.
 Para cantar coma min,
 para cantar como eu canto.



Para cantar coma min,
 para cantar como eu canto,
 para cantar coma min,
 para cantar como eu canto,
 hai que ter o _____
 do _____ que está bailando.

Para cantar coma min,
 para cantar como eu canto.
 Para cantar coma min,
 para cantar como eu canto.

[Bio](#)[Discografía](#)[Axenda](#)[Tenda](#)[Contratación e Contacto](#)

Bio

SÉS é o fenómeno musical dos últimos anos da escea galega. A chegada desta cantora coruñesa supuxo unha auténtica revolución que se plasma tamén en cifras, 7 discos en 9 anos, miles de copias vendidas, chegando a ter dous discos entre os máis vendidos do estado, "Opóñerse á extinción", no número 85 (dúas semanas no top100) e "Liberar as arterias" no número 34 (catro semanas no top100), e miles de entradas vendidas nos seus concertos, facendo sold out en todos os recintos galegos e tamén en cidades como Madrid, Barcelona, Valencia ou Bilbao.

En 2020 cruzou o charco nunha xira que a levou a Arxentina, Uruguai, Paraguai e O Salvador. Cunha carreira que non parou de medrar desde que publicou o seu primeiro disco en 2011, SÉS, triunfou na Galiza e máis aló grazas á súa proposta ecléctica que vai do rock ao blues pasando pola canción de autor latinoamericana, con espazo tamén para a alma de "cantareira" que hai no seu interior.



3.

CiberCaixa Mallos

LIVEWORKSHEETS



1.-Que capacidades e talentos pensas que ten M^a Xosé Silvar?



2.- Na túa opinión que se necesita cantar para facelo como Sés? Que é o que di a letra da canción respecto diso? Que é necesario para cantar como ela?



3.-Busca as palabras donaire e ruada no dicionario da RAG e escribe unha definición adecuada para o texto.

OBSERVA ATENTAMENTE



*Eu levo unha pena
gardada no peito;
eu lévoa, e non sabe
ninguén por qué a levo.*



4.- De que fala este poema de Rosalía de Castro? Que idea pensas que tenta transmitir? Pode ter algunha relación coa canción de Ses?

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their response to question 4.

5.- Pódese escoitar a pronuncia con gheada nesta canción? Onde?

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their response to question 5.



6.- *Que sucede no vídeo? Que están a organizar?
Que instrumentos musicais aparecen no vídeo? A
quen lle dedica Sés esta canción?*